

**Acta núm. 10/2020.**  
**Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 06 de maio de 2020.**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

Pablo Lago Sanmartín.  
Carlos Noya Pereira.  
María Rosa Romero Fariña.  
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de sesións da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 06 de maio de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 09/2020, DO 29.04.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 09/2020, DO 29.04.2020.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 29.04.2020, acta núm. 09/2020.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jose Manuel Ponte Santiago, que di actuar en representación de MARCO ANTONIO AGRELO SOBRADO, na que comunica que vai construír un peche en todo o perímetro dunha parcela sita no lugar de Bemil-Bastavales, coas seguintes características:

- O peche será de pedra de perpiaño ata unha altura de 1,50 metros, e por enriba arame ata unha altura máxima total de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo, e terá unha lonxitude aproximada de 240 metros, no linde sur estará en contacto coa vía pública onde xa está executada a beirarrúa ata a liña de peche mínima permitida.

A parcela (ref. Catastral nº 7412608NH2471S0001JB) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Cando se constrúa unha nova edificación, a liña de peche en contacto coa vía pública, deixará sempre un resío mínimo de tres metros de profundidade.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 196,37 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 260,94 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ADRIA FLORERIA S.L., na que comunica que vai realizar as seguintes obras nun almacén de aproximadamente 29,23 m2,

situado na Avenida dos Ánxeles nº 27:

- Reparar a cuberta suplementando as pranchas de uralita e colocando tella e canos novos, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.
- Pintar a fachada.

A parcela onde se empraza a edificación (6649562NH2464N0001AD) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano adscrito a viais principais, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 47,82 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 112,39 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da C.P. URBANIZACIÓN ALDEA DO RÍO PEGO, na que comunica que vai realizar labores de reparación puntuais da cuberta e terrazas do portal nº 1 e nº 9, para evitar filtracións de auga en varias vivendas e rochos.

A edificación onde se pretenden realizar as obras, emprázase sobre ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 93,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 157,57 euros.

**d)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO CÉSAR DÍAZ SÁNCHEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta do porche traseiro da vivenda substituindo o material de cobertura existente (pranchas de aluminio) por tella cerámica curva, sen modificar a estrutura principal nin incrementar o volume actual da vivenda situada en Coruxido nº 34 – Bastavales.

A edificación onde se pretenden realizar as obras (referencia catastral nº 7502233NH2470S00000W) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Non se poderá ampliar a superficie actual do porche obxecto de cambio de material de cuberta.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 35,95 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 100,52 euros.

**e)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Angel Carbajosa López, que di actuar

en representación de MANUEL LÓPEZ BAÑA, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda situada na Urbanización Hortensia nº 2 – Os Ánxeles, substituíndo a tella existente en mal estado por pranchas de fibrocemento e tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A edificación onde se pretenden realizar as obras (referencia catastral nº 6550189NH2465S0001ZG) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 187,92 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 252,49 euros.

**f)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Martínez González, que di actuar en representación da CDAD. PROP. CENTRO COMERCIAL MONTE BALADO, na que comunica que vai realizar as seguintes obras:

- Substitución dun tramo de cuberta de paneis metálicos na planta 0, que constitúen a cubrición da zona de entrada ao local comercial ocupado por ABANCA, e a entrada principal do Centro Comercial, no mesmo material.
- Reparación da terraza que constitúe o acceso á planta 1, mediante unha das escaleiras laterais do Centro Comercial.
- Selar as carpinterías.

A edificación na que se pretenden realizar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 406,25 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 470,82 euros.

**g)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ISABEL PRESAS IGLESIAS, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha vivenda sita en Cabreiros nº 7 – Brión, colocando tella sobre as pranchas de fibrocemento existentes, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A edificación na que se pretenden realizar as obras (ref. Catastral nº 6261518NH2466S0001LO) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 81,80 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 146,37 euros.

### **3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia asinada por Elena Ampudia Aixendri, que di actuar en representación de INMOBILIARIA CHONIA S.L., na que solicita licenza para realizar obras de urbanización dos espazos de cesión de 11 parcelas, en Estrar- Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Elena Ampudia Aixendri visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 31.03.2020, expte. nº 2001576.

O proxecto contempla a construción de beirarrúas de baldosa de formigón gris, previa substitución da liña de baixa tensión aérea por unha liña de baixa tensión soterrada, a instalación das rede de abastecemento, saneamento, pluviais e alumeado público nos terreos de cesión, e as conexións ás redes de todas as parcelas, para dar cumprimento ao artigo 20 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

As parcelas ( ref. Catastral nº 6937303NH2463N0001WL, 6937302NH2463N0001HL e nº6937301NH2463N0001UL), contan con licenza de agrupación e posterior segregación, outorgada pola Xunta de Goberno Local do 26.02.2019, segundo proxecto redactado pola arquitecta Elena Ampudia Aixendri, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.02.2019, visado núm.1900520, e coa aceptación das cesións do terreo das seguintes superficies: 66,95 m2, 28,55 m2, 116,40 m2, 104,05 m2, 198,00 m2, 199,80 m2, 76,00 m2, 71,50 m2 e 92,75 m2, destinados a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

-. Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 9.500,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1900,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 1964,57 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda sita en Bemil 35 (Casaldoeiro) derivando o condutor RZ 50 existente en apoio HV 250-9 existente e mediante a realización dun paso aéreo subterráneo (P.A.S) tender con condutor XZ1 2x50 ata a situación da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 3,00m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña de data 18/02/2020, visado nº 486/20-CO.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº7410727NH2471S0000SL), situase en Bemil 35 (Casaldoeiro) – Bastavales, e está clasificada como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, e nela se está a construír unha vivenda unifamiliar que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local o 19.04.2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso

o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 359,66 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,39 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 75,96 euros.

**c)** Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión, para dar subministro eléctrico a tres vivendas sitas en Chave de Ponte, desde o apoio HV 250 9 e mediante a realización dun paso aéreo subterráneo ata a situación da CPM dos clientes nos límites da súas propiedades coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 102 m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña de data 27/12/2019, visado nº 4112/19-CO.

As tres parcelas ás que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº nº9115114NH2491N0000LL, nº 9115113NH2491N0000PL e nº 9115111NH2491N0001HB) sitúanse respectivamente en Chave de Ponte nº47-48-49 – Bastavales, están clasificadas como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2), e nelas estase a construír tres vivendas unifamiliares que contan con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local nas datas 09/05/2019 e 25/06/2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 1.549,11 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 249,82 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 314,39 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González